

FILLA DAS ONDAS

Texto de FINA CASALDERREY

Ilustracións de XOSÉ COBAS

Encadernado en cartón. 21 x 29,7 cm. 64 páx. 20 €

[Filla das ondas](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-343-1. Álbum ilustrado. Maremar.

[Hija de las olas](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-344-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Ola, Xoán:

Xa estamos en Pontevedra. Moito te boto en falta!

Non me gusta nada esta cidade á que viñemos vivir.

Non coñezo a ninguén e ata teño medo de saír só á rúa.


Miña nai esfórzase en contarme cousas...

A historia de Pontevedra entre o medievo e a actualidade, a admirable recuperación do casco histórico e o seu revolucionario modelo urbano afloran neste relato fantástico; unha onírica viaxe no tempo cunhas espectaculares ilustracións que realzan a beleza da cidade e permiten coñecer dun xeito diferente e atractivo.

Recén chegado a Pontevedra, a onde se mudou coa súa familia, Froiáz escribelle a un amigo queixándose de que aborrece a cidade. Mais nunha noite máxica de San Xoán cambia por completo esa percepción ao percorrer as prazas e as rúas máis emblemáticas da man de Mariña, unha misteriosa rapaza que lle mostra como foi evolucionando a Boa Vila: dende os séculos XV e XVI coa Feira Franca, a muralla que rodea a vila señorial e o esplendor do barrio mariñeiro da Moureira, ata os séculos XIX e XX cando os protagonistas se encontran co pirata Benito Soto, co boticario Perfecto Feijoo e o seu lóro Ravachol, e mesmo cos intelectuais Alexandre Bóveda e Castelaio. Todo tipo de acontecementos sociais e culturais, anécdotas e curiosidades, lendas e tradicións, artéllanse con mestría nesta divertida e trepidante aventura na que “as pedras cóntannos moitas cousas”.

25 anos despois da publicación de «Filla das ondas», este texto de Fina Casalderrey actualízase para dar conta da transformación de Pontevedra e seguir poñendo en valor a memoria do pasado, agora cunhas novas ilustracións de Xosé Cobas, de abraiantes arquitecturas, nas que o detallismo das pinceladas -cun especial tratamento da luz- contrasta cos trazos bosquejados.

Unha obra de estrutura circular na que os saltos temporais dotan de dinamismo unha narración vibrante a base de intensos diálogos e descrições de tipo costumista, con hábiles recursos ao xénero epistolar e os contos maravillosos a través dunha mítica figura, a serea, tan presente na heráldica da cidade.



- **Temática:** relato ficcionado arredor da historia de Pontevedra.
- **Idade recomendada:** dende 7 anos.
- **Aspectos destacables:** arte, arquitectura, patrimonio, cultura; lendas, tradicións, antigos oficios; amizade, emocións; segredos, misterio, intriga, fantasía; do ilustrador de «[O pintor cego](#)», «[Azucré](#)», «[Cadros dunha exposición](#)» e «[Memorias de un niño campesino](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://kalandraka.com/filla-das-ondas-galego.html>

Fina Casalderrey

(Santo André de Xeve, Pontevedra, 1951)

De mestra e profesora de Secundaria durante 40 anos de docencia a prol da lectura e da renovación pedagóxica, a escritora de dúzias de libros traducidos a varias linguas. Dende 2013 forma parte da Real Academia Galega. En máis de tres décadas de traxectoria literaria ten recibido numerosos recoñecementos: Premio Merlín 1991, Premio Barco de Vapor 1994, Premio Edebé 1995, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996, Premio Cidade de Pontevedra 1996, selección The White Ravens 1998, Medalla Castelaio 2003, Premio Frei Martín Sarmiento 2007, Premio da Cultura Galega 2015... Foi nominada pola OEPLI ao Premio Memorial Astrid Lindgren en 2010, 2024 -ano no que tamén foi candidata ao Premio Hans Christian Andersen- e 2025. A investigación etnográfica é outra das súas facetas, ademais de conferenciante e colaboradora de distintos medios de comunicación.

<https://fina.casalderrey.com/>

Xosé Cobas

(Logrosa, Negreira, 1953)

Comezou a súa traxectoria como ilustrador na prensa diaria. A finais dos 80 centrouse na ilustración de libros infantís e xuvenís, faceta que compaxinou co seu traballo como deseñador gráfico na Deputación da Coruña. A súa produción bibliográfica suma máis de douscentos títulos. A súa obra expúxose en galerías de España, Europa e Latinoamérica. Recibiu o Premio Gourmand World Cookbook ao mellor libro de literatura gastronómica en español, o Premio Fetén ao mellor libro de teatro ilustrado, os premios Díaz Pardo e Neira Vilas, e foi seleccionado na lista The White Ravens.

www.xosecobas.es

<https://kalandraka.tv/gl/videos/xose-cobas/>